



## O CHUVI INCORPORA UN NOVO NEUROESTIMULADOR PARA TRATAR A DOR CRÓNICA

- *A Unidade da Dor do Meixoeiro implantou un novo dispositivo de estimulación medular para tratar a dor de columna crónica nun paciente*
- *A intervención consiste en implantar uns eléctrodos preto da medula espinal, que producen un estímulo eléctrico capaz de modular o sinal de dor impedindo que chegue ao cerebro*
- *Con este sistema o tratamento da dor crónica ten unha maior eficacia, con capacidade mesmo de reducir a dor ata un 100% en determinados pacientes*

**Vigo, 12 de xullo de 2019.** O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo implantou con éxito, por primeira vez en Galicia, un novo neuroestimulador na columna dun paciente afectado por dor crónica. Deste xeito, convértese no primeiro centro galego en ofrecer un sistema de neuroestimulación destas características. Os doutores María Vieito e Alfonso Carregal, da Unidade da Dor do servizo de Anestesioloxía e Reanimación, foron os encargados de levar a cabo dita intervención no hospital Meixoeiro.

Esta tecnoloxía está pensada para mellorar a calidade de vida do paciente mediante o alivio da dor, unha enfermidade que sofre, aproximadamente o 17% dos españois, e que afecta severamente á súa esfera emocional, familiar e laboral. España é o país co índice máis alto de depresión (29%) debido á dor crónica e o 22% dos pacientes que o padece perde o seu traballo. "O impacto da dor crónica na calidade de vida de quen o sofre pode ser devastador. Non só pode causar unha discapacidade importante, senón tamén aumentar o risco de trastornos psicolóxicos como depresión ou ansiedade. Moitos afectados perden a capacidade de durmir, traballar e funcionar con normalidade", afirma o doutor Alfonso Carregal.



### Beneficios para os pacientes

A intervención consiste en implantar uns eléctrodos no espazo epidural, preto da medula espinal do paciente que, a través dun xerador, producen un estímulo eléctrico que modula o sinal de dor impedindo que chegue ao cerebro.





A gran vantaxe desta nova tecnoloxía médica é que é capaz de subministrar diferentes tipos de terapia de maneira simultánea ou secuencial nun ou varios puntos de estimulación.

Ademais, o paciente ten a posibilidade de enviar as súas observacións de forma inmediata grazas ao mando a distancia que vai incluído no sistema, co que se consegue definir de maneira personalizada e moi precisa a forma de estimulación, minimizando efectos adversos, permitindo adaptar o tratamento a cada paciente e reducindo o número de consultas.

“Este neuroestimulador, sen dúbida supoñerá un alto beneficio para os afectados con dor crónica, xa que tanto a nós como aos pacientes facilítanos centrarnos especificamente nunha zona dolorosa, ou en varias, cun ou con ambos tipos de terapia, a fin de adecuarnos ás necesidades de cada persoa”, conclúe Carregal.

Con este sistema o tratamento da dor crónica ten unha maior eficacia, con capacidade mesmo de reducir a dor ata un 100% en determinados pacientes.

